



Máquina de escribir da serie Continental

Cara a 1929

Fabricada en Alemaña pola empresa Wanderer
-Werke

Está máquina procede das oficinas da fábrica
de conservas Massó Hermanos de Bueu

Museo Massó

Eles non querían escribir a máquina

A máquina de escribir invéntase a mediados do século XIX, case á vez que a de coser. Mentres esta simplemente facilitaba o traballo das mulleres, a máquina de escribir abriulles novas oportunidades.

A finais do século XIX a oficina era un ámbito laboral masculino no que este novo utensilio non tivo éxito, os homes non querían escribir a máquina. O éxito chegaría cando a casa Remington tivo a idea de promocionar a máquina de escribir entre a poboación feminina. Elas vírono como unha oportunidade e en poucos anos a situación invertíuse: as oficinas das empresas e a administración enchéronse de mecanógrafas e secretarias cuxa habilidade natural facíaas moito máis produtivas que os homes.

En España a incorporación masiva chega na década de 1940 e na década de 1960 é unha das profesións máis populares. As mulleres de clase media puideron acceder a un posto de traballo cualificado que lles proporcionaba independencia económica e un recoñecemento que non tiñan na fábrica nin no ámbito doméstico.

Os homes adaptáronse rapidamente a esta situación por conveniencia: por ser mulleres tratábase de man de obra barata, as mecanógrafas e secretarias non tiñan posibilidade de promocionar, pero o feito de que agora elas ocupasen eses postos sí facilitaba a promoción dos homes. Doutra banda, xerábase unha xerarquía laboral na que o home mantiña a súa posición de poder e garantía o sometemento absoluto da muller á súa autoridade e aos seus desexos.